



nota de prensa

PP e PSOE de Cuntis levan “tirados” máis de 100.000 € no contrato dun PXOM que seguen a prometer

No expediente do contrato (en vigor dende o ano 2004) constan facturas pagadas á empresa redactora por valor de máis de 100.000 euros. Toda a documentación está dispoñible na web de Veciñanza.

Cuntis. 18 de outubro de 2019

No pleno ordinario do pasado 26 de setembro, a preguntas do Grupo Municipal de Veciñanza, o Alcalde de Cuntis confirmou que o Concello “resolverá” o contrato vixente dende o ano 2004 coa empresa redactora do PXOM. Ao día seguinte, o 27 de setembro, asinábase o Decreto de Alcaldía que facía efectiva esta decisión. **Neste decreto, que se apoia nun informe de secretaría, queda en evidencia que nin Partido Popular nin Partido Socialista quixeron impulsar o PXOM malia que a empresa redactora si lle entregaba a documentación pertinente.**

No ano 2013, o ex alcalde Antonio Pena tivo o documento cos informes favorables da Xunta de Galicia para levar ao Pleno Municipal e iniciar o trámite. **Decidiu non facelo a pesar de que non había impedimento ningún, foi unha decisión política.**

Durante a pasada lexislatura, o informe de Secretaría confirma que **o único que consta no expediente é un oficio enviado á empresa** redactora por parte do actual alcalde Manuel Campos. Ningunha iniciativa máis.

Estes dous feitos recóllense no informe de Secretaría do 27/09/2019.

Á vista da confirmación documental deste escándalo, os concelleiros de **Veciñanza decidiron solicitar consulta ao expediente para comprobar o gasto total xerado por este contrato**, que leva máis de 15 anos en vigor, e que non reportou proveito ningún para o noso municipio. Constan as seguintes facturas:

- 14 de outubro de 2008: 27.681'48 €
- 21 de outubro de 2009: 27.681'48 €
- 3 de decembro de 2010: 16.608'89 €
- 8 de outubro de 2013: 28.874'64 €



nota de prensa

Suman un total de 100.846,49 euros aos que hai que sumar os 5.356,30 que custaría a “resolución” do contrato. **Partido Popular e Partido Socialista “tiraron” con 106.202,79 euros de orzamentos públicos.**

O PXOM é un unha das necesidades máis agudas de Cuntis, que carece deste **documento de ordenación urbanística que permitiría un desenvolvemento integral** a todos os niveis: económico, demográfico, etc. Ano tras ano é obxecto de promesa por parte dos dous grandes partidos, que ostentaron os gobernos municipais dende a sinatura en 2004 de dito contrato de redacción. Tamén na última campaña electoral figuraba entre as súas promesas.

Veciñanza considera un escándalo este despilfarro, froito da ineptitude dos máximos responsables de PP e PSOE durante as últimas lexislaturas. O engano sistemático non se ve penalizado nas urnas, pero desgraciadamente as consecuencias páganas os veciños e veciñas de Cuntis, moitos dos cales decidiron xa mudarse a concellos da contorna nos que poder desenvolver os seus proxectos de vida.

Veciñanza proseguirá coa labor de información e transparencia en asuntos de tanta importancia como é este. Ao tempo, dende a oposición, **traballará para que Cuntis poida contar o antes posible cun documento de ordenación urbanística así como con aquelas solucións que atinxan ás necesidades históricas desta vila.** Partido Popular e Partido Socialista carecen de credibilidade para seguir facendo promesas.

*[*pódese acceder a toda a documentación \(decretos, facturas e ordes de pago\) na web de Veciñanza: www.veciñanza.gal](http://www.veciñanza.gal)*